

Unidade 7. Poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

A RAPOSA E O CORVO

Unha raposa trotaba polo bosque na busca de comida, cando ao levantar a vista, descubriu un corvo pousado nunha árbore. Tiña un anaco de queixo no pico, e a raposa pensou: «Ese queixo é xusto o que necesito para o almorzo».

De xeito que tramou un plan para facer o que quería. A raposa sentou ao pé da árbore e comezou a mirar o corvo como se quedara enfeitizada polos seus encantos.

—Es a criatura máis fermosa do mundo! —exclamou marabillada—. As túas plumas relocen coma a seda e as túas ás son negras coma a noite! E que dicir dos teus ollos que resplandecen como o acibeche! Que pena que se diga que non sabes cantar! Abondaría con que souberas entoar unha soa nota para que foses a criatura máis perfecta da creación...

Ao corvo enchéuselle a cabeza de fume con tanta adulación. «A raposa ten razón», pensou. «Teño unha plumaxe fermosísima e uns ollos que volven tolas de amor ás paxariñas do bosque. Pero, por que dirá que non sei cantar? Por suposto que sei! Podo cantar cen veces mellor que os reiseñores!».

E para demostrarllo á raposa, abriu o pico e soltou un grallo tan espantoso que ao resto dos animais do bosque se lle encolleu o corazón. Pero ao abrir o pico, o anaco do queixo caeu ao chan, e a raposa comeuno dun bocado.

—Grazas polo almorzo, amigo meu! —díxolle ao corvo—. Vexo que a túa voz é potente pero o teu cerebro deixa bastante que desexar.



ESOPO

Unidade 7. Poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Contesta as seguintes preguntas.

- De que tipo de relato se trata?

Unha fábula.

- Quen son os protagonistas?

Unha raposa e un corvo.

- Que lle pasaba á raposa?

Tiña fame.

- Que plan tramou a raposa para quitarlle o anaco de queixo ao corvo?

Adulouna e fixo que cantara para que lle caera o queixo.

- Cal dos personaxes foi astuto?

A raposa.

- E cal pouco intelixente e inocente?

O corvo.

- Que ensinanza sacas desta fábula?

Resposta libre.

2. Busca no dicionario oito palabras das que descoñezas o seu significado e anótalo. Despois escribe unha oración con cada unha.

Resposta libre.

Unidade 7. Poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

3. Escribe o xentilicio que corresponda.

China	Chinés, chinesa.	Fisterra	Fisterrán, fisterrá.
Ourense	Ourensán, ourensá.	Alemaña	Alemán, alemá.
Celanova	Celanovés, celanovesa.	Lugo	Lugués, luguesa ou lucense.
Finlandia	Finlandés, finlandesa.	Asia	Asiático, asiática.
Carnota	Carnotán, carnotá.	Chantada	Chantadino, chantadina.

4. Escribe unha oración con seis dos xentilicios anteriores.

Resposta libre.

5. Completa as oracións seguintes co xentilicio axeitado.

- Se naceras en Vigo serías **vigués/viguesa**.
- Os habitantes de Xinzo de Limia son **limiaos/limiás**.
- Teño un curmán que naceu en Allariz polo que é **allaricense/alaricano**.

6. Fai una lista de cinco patronímicos e escribe o nome do que proceden.


Resposta libre.

Unidade 7. Poesía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

7. Le o seguinte texto poético.

Ai ondas que eu vin ver,
ai ondas que eu vin ver,
se me saberedes dizer
por que tarda meu amigo sen min.
Ai ondas que eu vin mirar,
se me saberedes contar
por que tarda meu amigo sen min.



Martín CÓDAX

- De que cres que fala o poema?

Dunha namorada que espera o seu amado.

8. Escribe un texto poético para cada imaxe.

Resposta libre.